

MEMORIA ANUAL 2020

FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU



ÍNDICE

1.- PRESENTACIÓN	3
1.1.- ORGANIGRAMA:.....	5
1.1.1.-PATRÓNS DA FUNDACIÓN VCB 2020.....	5
1.1.2.- SOCIOS DA FUNDACIÓN VCB 2020	6
2.- EXECUCIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓN 2020	7
2.1.- PROMOCIÓN DO AEROPORTO DE VIGO	8
2.1.1.- COLABORACIÓN CON COMPAÑÍAS AÉREAS	9
2.1.2.- ACCIÓNS.....	9
2.1.2.1- INFORME ESTATÍSTICO AEROPORTO	9
2.1.2.2- REVISTAS DE A BORDO - COLABORACIÓNS.....	9
2.1.2.3- REDES SOCIAIS.....	9
2.1.2.4- PREVISIÓN VOOS.....	10
2.2.- COORDINACIÓN DE ACCIÓNS DE INFORMACIÓN, APOIO E CAPTACIÓN DE EVENTOS	11
2.2.1.- CANDIDATURAS E ASESORAMENTOS 2020	12
2.2.2.- LISTADO DE FEIRAS, EVENTOS E CONGRESOS EN VIGO 2020.....	16
2.2.3.- ASISTENCIA A FEIRAS E EVENTOS.....	19
2.3.- ELABORACIÓN E ACTUALIZACIÓN DE GUÍAS E INFORMES	19
2.3.1.- ACTUALIZACIÓN DO CATALOGO DE ESPAZOS DE CONGRESOS DE VIGO	19
2.3.2.- GUÍA DE INCENTIVOS PARA CONGRESOS E CONGRESISTAS.....	20
2.3.3.- INFORMES ESTATÍSTICOS TURISMO	20
2.3.4.- ENQUISAS SECTOR TURÍSTICO	21
2.3.5.- ENQUISAS TELEFÓNICAS	21
2.4.- FERRAMENTAS DE COMUNICACIÓN DA FUNDACIÓN VCB.....	22
2.4.1- PÁXINAS WEB DA FUNDACIÓN	22
2.4.1.1.- WEB DA FUNDACIÓN	22
2.4.1.2.- WEB DA VIGO FILM OFFICE.....	23
2.4.2.- REDES SOCIAIS.....	24
2.4.3. - LISTAS DE DISTRIBUCIÓN PARA PROCESOS DE COMUNICACIÓN	25
2.4.4.- ELABORACIÓN CLIPPING XERAL DE PRENSA	25
2.4.5.- PUBLICACIÓNS	25
2.5.- COLABORACIÓNS E XESTIÓN DE PROXECTOS	26
2.5.1.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ILLAS CÍES	26

1.- PRESENTACIÓN

A Fundación Vigo Convention Bureau en diante VCB, ten entre as súas funcións o desenvolvemento da economía produtiva e o fomento da economía social de Galicia mediante a potenciación das infraestruturas turísticas e servizos para a cidade de Vigo¹.



O balance turístico de 2020 foi trágico en todo o mundo. As restricións nas viaxes, a pouca confianza do consumidor e a loita mundial por conter o virus da COVID-19 provocaron unha caída do **72%** nas chegadas internacionais a España durante o primeiros dez meses de 2020, o que supón, segundo a Organización Mundial do Turismo (OMT), que fose o peor ano rexistrado na historia do turismo.

A VCB tiña no primeiro trimestre unha previsión de 93 eventos na cidade de Vigo para 2020. Deles, celebráronse 27 antes do 11 de marzo. A partir desa data, máis dunha trintena foron aprazados, a maioría para o ano 2021. E 12 foron cancelados, entre eles algunhas das citas con maior repercusión no sector hoteleiro e hostaleiro da cidade, como Conxemar e Navalia. O resto de eventos e reunións celebráronse adaptándose a formatos virtuais e semipresenciais.

A VCB, no seu plan estratéxico, reflicte a necesidade de desenvolver de xeito

conxunto a oferta de actividades de promoción e a creación de produtos específicos para os congresos e eventos, co obxecto de facer de Vigo unha cidade emblemática como destino tanto congresual como turístico. De igual xeito, tal e como reflicte nos obxectivos fundacionais², a Fundación leva a cabo, entre outras, as seguintes actividades:

- Crear e consolidar unha conciencia pública - tanto oficial como privada - en relación coa transcendencia económica do turismo.
- Promover a creación e/ou mellora estrutural dos bens e servizos conexos con estas actividades.
- Representar no plano nacional e internacional á cidade de Vigo así como a todos os membros do Padroado, podendo realizar convenios de cooperación ou colaboración con entidades do sector, público ou privado, que contribúan ao seu desenvolvemento.
- Coordinar con autoridades, organizacións e entidades de fomento do turismo as accións de promoción necesarias.
- Coordinar coas áreas municipais correspondentes a correcta utilización dos servizos municipais.

¹ Artigo 4 dos estatutos da Fundación.

² Artigo 5 dos estatutos da Fundación.

A VCB actualmente é un referente na correcta execución do marketing de destino Vigo, informando de forma profesional sobre todos os servizos especializados para congresos, convencións, viaxes de incentivo e eventos en xeral, sendo responsable ademais da confección de todo o material promocional do turismo MICE.

A Fundación rexistrou na súa orixe a marca Vigo Film Office (VFO), departamento da



VCB dedicado á promoción de Vigo como espazo de rodaxe tanto para películas ou documentais como para calquera outro produto audiovisual como os anuncios ou clips musicais.

Entre os servizos que a Vigo Film Office presta están:

- Asesoramento a produtoras e empresas interesadas en rodar en

Vigo na elección de localizacións e de provedores de servizos.

- Tramitación gratuíta das solicitudes de rodaxe en vías públicas e espazos municipais.
- Apoio na solicitude de filmar en espazos públicos, incluíndo praias, parques e xardíns, monumentos e edificios históricos.
- Xestión para a ocupación de espazos nas calzadas e zonas de peóns destinados á colocación de materiais técnicos.
- Reserva de espazo de aparcamento e permisos de circulación, xestión de cortes de tráfico ou calquera outro trámite necesario en coordinación coas autoridades municipais competentes.



1.1.- ORGANIGRAMA:

A Fundación VCB, posúe unha estrutura departamental, apoiada por un equipo multidisciplinar construído baixo o seguinte esquema, que lle permite abordar e dar resposta aos obxectivos e accións establecidas no Plan de Traballo da Fundación.







































ORGANIGRAMA FUNDACIÓN VCB

A Fundación VCB contou ao longo do 2019 cunha estrutura de persoal formada por 4 persoas que desenvolveron as accións descritas nesta memoria.

1.1.1.-PATRÓNS DA FUNDACIÓN VCB 2020



1.1.2.- SOCIOS DA FUNDACIÓN VCB 2020

O ano rematou con **40 socios** adheridos á Fundación. En 2020 produciuse só dúas baixa.

BAIXAS 2020			
RAZÓN SOCIAL	NOME COMERCIAL	NIF	SECTOR
Navega Aventura	Sailway	B94098894	Turismo náutico
Walking & eatin Galicia	Walking & eatin Galicia	B70580360	Guías

2.- EXECUCIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓN 2020

A Fundación VCB desenvolveu ao longo do ano 2020 o seu traballo de acordo cos seguintes eixos:

- Desenvolvemento de iniciativas coa promoción do Aeroporto de Vigo e da cidade como destino.
- Coordinación e colaboración con entidades e asociados na procura de accións para a xestión da crisis xerada no sector turístico-MICE polo COVID-19.
- Coordinación con entidades públicas e privadas para a captación de eventos congresuais.
- Elaboración de materias de difusión e promoción da cidade como destino MICE.
- Apoio e asesoramento aos socios da Fundación VCB.
- Elaboración de memorias xustificativas e informes sobre o sector.
- Colaboración na candidatura das Illas Cíes a Patrimonio da Humanidade da Unesco.



2.1.- PROMOCIÓN DO AEROPORTO DE VIGO

Dende 2012 a Fundación ten encomendadas por parte do Concello de Vigo as funcións de desenvolvemento de iniciativas relacionadas coa potenciación do Aeroporto de Vigo. Este ano a VCB estableceu dúas liñas de traballo: por unha parte, o desenvolvemento de relacións e colaboracións con compañías aéreas e, por outra, a elaboración de materiais e ferramentas que permitan a promoción da terminal viguesa, ademais de mellorar o posicionamento e coñecemento de Vigo como destino.

A promoción do destino nas aerolíneas é outra das nosas prioridades. Durante os últimos meses as compañías aéreas han reducido ao máximo os seus roteiros con Vigo e algunhas mesmo deixaron de operar temporalmente. Desde VCB estamos a traballar para que esas compañías volvan moi pronto a Peinador e aumenten, segundo melloren os datos da pandemia, os seus voos desde/cara a Vigo.



Peinador pechou 2020 cunha caída histórica do **-70,01%** sobre o ano anterior, en concreto contabilizáronse **303.466 pasaxeiros**, unha cifra que implica unha perda de 708.412 pasaxeiros sobre 2019.

Pasaxeros Totales			Operaciones Totales			Mercancía Total (Kg)
303.466			5.597			276.116
-70,0%			-51,4%			-49,0%
↓			↓			↓
Pasaxeros Comercia...	Nacio...	Internac...	Operaciones Comer...	Nacion...	Internacion...	Mercancía Total Comercial
303.319	302.190	1.129	3.841	3.443	398	276.116
-70,0%	-69,5%	-94,9%	-59,7%	-60,6%	-49,7%	-49,0%
↓	↓	↓	↓	↓	↓	↓

Datos AENA 2020

2.1.1.- COLABORACIÓN CON COMPAÑÍAS AÉREAS

Durante o ano 2020 mantivéronse contactos coas distintas compañías aéreas que operan en Peinador e coa propia dirección do aeroporto, co obxecto de participar en accións de promoción do aeroporto. A xestión de contidos nas RRSS, o intercambios de material gráfico e de información de voos foron os principais puntos de colaboración no 2020.




2.1.2.- ACCIÓNS

Ao longo do ano executáronse as seguintes accións sobre o aeroporto de Vigo.


2.1.2.1- INFORME ESTATÍSTICO AEROPORTO

Mensualmente elaborouse o Informe Estatístico do aeroporto de Vigo e dos aeroportos galegos. Este informe remítese ao Concello para que dispoñan dos últimos datos da evolución do aeroporto para a toma de decisións e establecer controis de seguimento.



2.1.2.2- REVISTAS DE A BORDO - COLABORACIÓNS

No mes de febreiro redactouse un artigo para a revista de a bordo INFLIGHT MAGACINE da compañía aérea AIRNOSTRUM. Este artigo titúlase “Vigo, una ciudad



que es un fenómeno” e a temática centrouse nas Illas Cíes, a gastronomía, as nosas festas e o carácter da xente que converten á cidade máis grande de Galicia nun destino que sorprende en tódalas estacións. Tíñase previsto a súa saída na revista de abril, pero debido a situación actual está pendente de publicación.

2.1.2.3- REDES SOCIAIS

Durante todo o ano mantívose a promoción do aeroporto nas redes sociais, a través da conta en Facebook e Twitter @FlytoVigo. Publicáronse múltiples entradas para informar do día a día

do aeroporto así como para manter a súa promoción e difusión, xa que ambas contas convertéronse en referentes da información sobre o aeroporto de Vigo.



2.1.2.4- PREVISIÓN VOOS

Mes a mes actualizáronse as previsións de voos, frecuencias e horarios do Aeroporto de Vigo. Esta información permitiu coñecer o estado do aeroporto en todo momento. As redes sociais foron as escollidas en maior medida para informar dos continuos cambios nos voos.



VUELOS AEROPUERTO DE VIGO 2020

POST COVID 2020	DESTINO	FRECUENCIAS	JULIO	AGOSTO	SEPTIEMBRE	OCTUBRE	NOVIEMBRE	DICIEMBRE
VUELING	BARCELONA	L-M-MI-J-V-S-D	6			30		
		L-M-MI-J-V-D					1	
IBERIA	MADRID	L-M-MI-J-V-S-D	1					
AIR EUROPA	MADRID	L-M-MI-J-V-S-D	15					
BINTER	GRAN CANARIA	MI-D	1					
	TENERIFE NORTE	J-S	23					
IBERIA EXPRESS	TENERIFE NORTE	L-V	6		4*			

2.2.- COORDINACIÓN DE ACCIÓNS DE INFORMACIÓN, APOIO E CAPTACIÓN DE EVENTOS

A actividade feiral e congresual foi unha das primeiras en sufrir a crise pola pandemia do COVID-19, xa que levou o cesamento inmediato da maioría dos eventos programados. Especialmente a partir da segunda semana de marzo comezaron a cancelarse ou aprazarse practicamente todos os eventos programados.

Segundo datos da Asociación de Feiras Españolas e a Asociación de Palacios de Congresos en Europa, só no ámbito feiral, a situación xerada pola pandemia afectou a máis de 3.300 feiras canceladas ou aprazadas en toda Europa.

Adicionalmente, o impacto nas feiras e congresos xerou un grave prexuízo de efecto dominó noutros sectores relacionados como aloxamento, restauración, viaxes, transportes, montaxe de stands, audiovisuais, azafatas e intérpretes, iluminación e son, servizos diversos e lecer, entre outros.

O apoio aos organizadores para captar eventos na cidade de Vigo é unha das actividades fundamentais dos servizos da Fundación. Durante todo o ano o persoal da Fundación resolveu e asesorou a todas as peticións que se rexistraron a través das canles de comunicación abertas pola Fundación.

Ademais, neste ano convulso a VCB promoveu o networking entre os socios e colaboradores co obxectivo de fortalecer o vínculo entre eles e fomentar a creación de sinerxias dentro do sector MICE na cidade; a procura de medidas e liñas de actuación foi un dos eixos fundamentais durante os distintos escenarios que foron producíndose no 2020.

Por outra parte, no pasado ano cobraron especial protagonismo as demandas de información de localizacións e outros servizos para gravacións audiovisuais na cidade de Vigo, recibidas pola Vigo Film Office.



2.2.1.- CANDIDATURAS E ASESORAMENTOS 2020

Ao longo do ano 2020 a Fundación VCB, froito da situación vivida, non elaborou ningunha candidatura pero si asesorou a distintos eventos para a súa celebración na cidade de Vigo:


ASESORAMENTOS DENDE A FUNDACIÓN:

LISTAXE DE COLABORACIÓNS EVENTOS 2020	
	<p>VII Curso de Atención Farmacéutica en Centros Sociosanitarios</p> <p>4 – 6 marzo</p>
	<p>Expo ADI</p> <p>22 abril</p> <p><i>Aprazado sen data</i></p>
	<p>XVI Congreso UPSJ (Unión Progresista de Secretarios Judiciales)</p> <p>27 – 29 maio</p> <p><i>Aprazado sen data</i></p>
	<p>Conferencia Española de Nanofotónica – CEN 2020</p> <p>3 – 5 xuño</p> <p><i>Aprazado sen data</i></p>
	<p>XXXII Congreso Nacional SEMES</p> <p>10 – 12 xuño 2020</p> <p><i>Aprazado para 2021, do 9 ao 11 de xuño</i></p>
	<p>3^{er} International Symposium on Lipid Oxidation and Antioxidants</p> <p>10 – 12 xuño</p> <p><i>Aprazado sen data</i></p>
	<p>XXIX Simposio del Grupo Especializado de Cristalografía y Crecimiento – GE3C 2020</p> <p>16 – 19 xuño</p> <p><i>Aprazado sen data</i></p>



**9th International Workshop on Marine Technology
MARTECH 2020**

17 – 19 xuño
Aprazado xuño 2021 do 16 ao 18



**XII Congress on electronic structure principles and
applications (Congreso químicos computacionales)**

23 – 26 xuño
Aprazado xuño 2021



LXIV Reunión de la Sociedad de Cirugía de Galicia

26 – 28 novembro

LISTAXE DE COLABORACIÓNS EVENTOS 2022



Congreso Sociedad Española de Contracepción

2022



Congreso Biología Evolutiva

2022

ASESORAMENTOS DENDE A VIGOFILM OFFICE

LISTAXE DE COLABORACIÓNS DESDE A VIGO FILM OFFICE




Loves Generali

Evento realizado pola compañía Generali.
Xestión de ocupación do espazo co Concello.
Evento cancelado por COVID



Xestión de permisos para a rodaxe de varios curtos dos alumnos do IES Audiovisual de Vigo

- **El encanto de Din Matamoro**
- **Lingua sen boca**
- **Autocontrol**
- **Alumeando a miseria**
- **Arena**
- **Tatuarte**
- **Golden Boy**
- **VTR**
- **Sin cobertura**
- **La memoria de las ballenas**



D'Vinci Producciones

A Madrugada

Xestión permisos para rodaxe de curtametraxe



Productora Casa de Tolos

Os Cantos Rolados – TVG

Xestión permisos de rodaxe para programa da TVG



Bambú Producciones

Asesoramento de permisos de rodaxe e localizacións para nova serie



Un Pais Mágico – TVE2

Xestión permisos de rodaxe



A miña familia pola túa – TVG

Xestión permisos de rodaxe



UFO Producciones – Casa de Tolos

Xestión permisos rodaxe spot publicitario



Xestión de permisos de rodaxe para os alumnos do IES Audiovisual de Vigo



**Live is life
(Dani de la Torre)**

Asesoramento e xestión permisos de rodaxe



**Un asunto privado
(Bambú Producciones)**

Asesoramento de permisos de rodaxe e localizacións para nova serie



Xeración Nós – Documental TVG

Asesoramento localizacións rodaxe

2.2.2.- LISTADO DE FEIRAS, EVENTOS E CONGRESOS EN VIGO 2020

MES	DÍAS	EVENTO	LUGAR DE CELEBRACIÓN
ENERO	16 - 17	Lingua e violencia: Mediacións literarias na era do Antropoceno	Uvigo. Facultade Filoloxía e Tradución
ENERO	23 - 24	II Curso de Tratamiento de Placas Calcificadas e Intervencionismo coronario complejo	Hospital Alvaro Cunqueiro
ENERO	25 - 26	46 reunión de la Sociedad Gallega de Oftamología	Afundación
FEBRERO	4	Seminario sobre enerxías renovables marinas	Edif. Autoridad Portuaria de Vigo
FEBRERO	5	I Jornada Técnica AER - UVIGO	Uvigo Escuela de Ingeniería Industrial
FEBRERO	5	Jornada de presentación de resultados del proyecto SICAPTOR: El futuro de la monitorización electrónica remota (REM) en la actividad pesquera	MARCO
FEBRERO	6	Jornada Conectando Generaciones: Vidas que merecen ser contadas	Colegio San José de Cluny
FEBRERO	7 - 9	Galiexpo Motor Show	IFEVI
FEBRERO	8 - 9	XIX Campionato Galego Grupos Show de Patinaxe Artística	Pavillón Central das Travesas
FEBRERO	15	III Xornadas de Cardiopatías Conxénitas	Hospital Alvaro Cunqueiro
FEBRERO	15 - 16	X Salón Retro Galicia	IFEVI
FEBRERO	18	Jornada sobre acabados para madera y mueble	Insti. Valentín Paz Andrade
FEBRERO	18	Jornada Como invertir en Portugal	Círculo de Empresarios de Pontevedra
FEBRERO	19 - 20	II Foro de Empleo	Uvigo Facultad Ciencias Económicas
FEBRERO	20	Jornada "Impacto del Brexit en el sector del metal en Galicia"	ASIME
FEBRERO	27 - 28	II Simposio Nacional de Oncología de Precisión	Afundación
FEBRERO	28	Jornada sobre Geotermia: teoría y práctica	Escuela de Ingeniería y Minas
FEBRERO	29	Franquiatlántico	Afundación
FEBRERO	29-1	LVI Concurso Exposición Internacional da Camelia	Palacio de Congresos Mar de Vigo
MARZO	3	Jornada O enfoque feminino na loita contra os lixos marinos	Centro de Visitantes Illas Atlánticas
MARZO	3 - 11	5º Galicia Market Place 2020	Círculo de Empresarios de Pontevedra
MARZO	4 - 6	XX Foro Tecnolóxico de Emprego	Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
MARZO	4 - 6	Certamen Blogcina Galicia	Palacio de Congresos Mar de Vigo
MARZO	4 - 7	Liga Nacional de Poker	Casino de Vigo
MARZO	4 - 8	29 edición del Salón del Automovil y Motocicleta	IFEVI
MARZO	5	Jornada informativa becas Xunta de Galicia /Fulbright para estudios artisticos en EEUU	Museo do Mar de Galicia
MARZO	11	Problemas de la Administración tributaria en la aplicación de los tributos	Uvigo
APRAZADO		Reunión anual de la Asociación Galega de Hematoloxía e Hemoterapia	Afundación

MES	DÍAS	EVENTO	LUGAR DE CELEBRACIÓN
APRAZADO		World Happiness Fest - Ágora Vigo	Círculo de Empresarios de Pontevedra
APRAZADO		Convención Generali - Eje Atlántico	
APRAZADO		World Padel Tour 2020	Complejo Deportivo As Travesas
APRAZADO		Media Maratón Vig-Bay	Vigo / Nigrán / Baiona
APRAZADO		VIGO PORTÉ	Palacio de Congresos Mar de Vigo
APRAZADO		Congreso Ciberseguridad - VICON.GAL 2020	
APRAZADO		III edición del WP Kids Tour (Waterpolo)	Real Club Náutico de Vigo
APRAZADO		A Brincadeira	Bouzas
APRAZADO		XVI Congreso UPSJ (Unión Progresista de Secretarios Judiciales)	MARCO
APRAZADO		Conferencia Española de Fotónica CEN2020	Afundación
APRAZADO		3rd International Symposium on Lipid Oxidation	MARCO
APRAZADO		XXIX Simposio del Grupo Especializado de Cristalografía y Crecimiento Cristalino	MARCO
APRAZADO	18 - 19	Congreso Internacional de FET y 54º Congreso AEDIPE	Afundación
CANCELADO		XX Congreso Internacional BIANUAL del International Institute of Fisheries Economics and Trade. IIFET	Palacio de Congresos Mar de Vigo
CANCELADO		Festival ARVI do Peixe, Vigo SeaFest	Jardines Elduayen
JULIO	2 - 5	MotorOcasión	IFEVI
JULIO	3	Jornada "Dermatología e COVID-19"	Colegio Oficial de Médicos
JULIO	20 - 24	Campus Fútbol Pro Tour	Samil - Vigo
AGOSTO	6 - 9	RIAS BAIXAS CATA RAID 2020 Copa de España Catamaranes de larga distancia	Ría de Vigo
CANCELADO		O Marisquiño	Vigo
AGOSTO	31 - 4	XX Congreso Internacional BIANUAL del International Institute of Fisheries Economics and Trade. IIFET	Palacio de Congresos Mar de Vigo
SEPTIEMBRE	4 - 6	The Wild Fest 2020	San Miguel de Oia
SEPTIEMBRE	5	PulpoCon 20	Afundación
SEPTIEMBRE	5 - 15	II Xornadas Videoxogo e Literatura	MARCO
SEPTIEMBRE	6	The wild race	Parque Forestal de San Miguel de Oia
SEPTIEMBRE	14 - 15	VII Conferencia Internacional ARVI sobre el Futuro de la Pesca (Online)	Online
SEPTIEMBRE	15 - 20	9ª Edición do Festival Primavera do Cine	
SEPTIEMBRE	16	Seminario internacional "Carreras azules como estrategia para fomentar la industria azul atlántica"	Uvigo
CANCELADO	20	Media Maratón Vig-Bay	Vigo / Nigrán / Baiona
SEPTIEMBRE	22	FIU (Foro de Urbanismo e Infraestructuras)	Círculo de Empresarios de Pontevedra
SEPTIEMBRE	23	Reunión Endesa	Hotel Bahía
SEPTIEMBRE	25 - 26	IV Foro de Educación de Faro de Vigo	Palacio de Congresos Mar de Vigo
CANCELADO		Holi Life	Samil

MES	DÍAS	EVENTO	LUGAR DE CELEBRACIÓN
OCTUBRE	2 - 3	VII Xornada de ASEIA «Infancia e a Adolescencia Hoxe: Historias de Vida»	Afundación
CANCELADO	2 - 4	Desafío Boot Camp Race	Samil - Vigo
CANCELADO	6 - 8	CONXEMAR	IFEVI
CANCELADO	7 - 8	Innovatlántico 4.0	Palacio de Congresos Mar de Vigo
OCTUBRE	13 - 16	WeRob - ICNR (Congreso robótica) 'V Simposio Internacional de Robótica Vestible'	ONLINE
CANCELADO	15 - 16	XVI Jornadas Láser - CALL FOR ABSTRACTS	AIMEN Centro Tecnológico
CANCELADO	19 - 23	Jornadas sobre Tecnologías y Soluciones para la Automatización Industrial (JAI 2020)	Escola Enxeñaría Industrial
OCTUBRE	26 - 30	JAI 2020 - I Jornadas Digitales sobre Tecnologías y Soluciones para la Automatización Industrial	ONLINE
CANCELADO	27 - 29	Navalia	IFEVI
OCTUBRE	29	Foro de Innovación en la Arquitectura, Construcción y Rehabilitación, DPA Fórum	Palacio de Congresos Mar de Vigo
CANCELADO	1	Media Maratón de Vigo "La 21"	Playa do Vao / Centro Vigo
OCTUBRE	2 - 4	Villalia Open de España de J70	Ría de Vigo
OCTUBRE	22	Maritime Trends (International Naval, Maritime and Port Forum)	Online
OCTUBRE	30	Seminario Internacional "Os Venres ao Vento"	Online
CANCELADO	8	10 K Vigo-Rías Baixas	Samil
CANCELADO	20 - 21	XXXVIII Jornadas de la Sociedad Gallega de Rehabilitación y Medicina Física (SOGARMEF)	Hospital Alvaro Cunqueiro
NOVIEMBRE	1	Media Maratón de Vigo "La 21"	Online
NOVIEMBRE	4 - 5	VI Jornadas de la Red de las Cartas Europeas de Turismo Sostenible de España y Portugal	Online
NOVIEMBRE	11	Jornada técnica del proyecto Diversimar	Online
APRAZADO	12 - 14	33 Congreso de la Sociedad Gallega de Endocrinología, Nutrición y Metabolismo	Online
NOVIEMBRE	17	Foro Internacional AutoMob	Online
NOVIEMBRE	19	II Foro de la Mujer	Online
NOVIEMBRE	19	Xornada informativa Incidencia das novas tecnoloxías e a protección de datos na prevención de riscos laborais	CEP
NOVIEMBRE	19	I Edición Utopía Noroeste, congreso de innovación, tecnología e ideas disruptivas	Museo do Mar de Galicia
NOVIEMBRE	APRAZADO	CAROUTLET VIGO 2020	IFEVI
NOVIEMBRE	25 - 26	Congreso NEV	Afundación
NOVIEMBRE	26 - 28	LXIV Reunión Sociedad de Cirugía de Galicia (SOCIGA)	Online / Colegio Médico
APRAZADO	27 - 28	II Foro Transdisciplinar Enfermedades Inmunomediadas	Afundación
DICIEMBRE	15	Jornadas Literatura Iberoamericana	ONLINE
DICIEMBRE	26 - 27	IV Congreso de Directores de Coro	Auditorio Concello de Vigo
DICIEMBRE	APRAZADO	UNITOUR - Salón de Orientación Universitaria	Palacio de Congresos Mar de Vigo
DICIEMBRE	APRAZADO	VIGO PORTÉ	Palacio de Congresos Mar de Vigo

2.2.3.- ASISTENCIA A FEIRAS E EVENTOS

Neste período a VCB asistiu a:

LISTAXE ASISTENCIA A FEIRAS, EVENTOS E CONGRESOS 2020



2020 **22-26 ENERO**
Apuntes
Madrid

FITUR 2020

Madrid 22 – 26 xaneiro

2.3.- ELABORACIÓN E ACTUALIZACIÓN DE GUÍAS E INFORMES

A Fundación é un actor fundamental no desenvolvemento da imaxe de Vigo como destino e así, no marco de actuacións no ano 2020, levaronse a cabo as seguintes accións:


2.3.1.- ACTUALIZACIÓN DO CATALOGO DE ESPAZOS DE CONGRESOS DE VIGO

En 2020 programouse e executouse a carga dos espazos disponibles na cidade de Vigo. Nunha primeira fase actualizáronse os datos dispoñibles da guía dixital que a Fundación publica todos os anos, e nunha segunda fase procedeuse á carga de estazos na nova páxina web que publicárase ao longo do 2021.

Os espazos articuláronse en 3 categorías:

- Espazos principais
- Espazos en hoteis
- Espazos singulares.

Con esta carga de recursos na web permitírase a consulta por tódalas entidades que dexesen organizar eventos en Vigo da información dos espazos dispoñibles.



2.3.2.- GUÍA DE INCENTIVOS PARA CONGRESOS E CONGRESISTAS

Ao longo do ano o equipo da Fundación procedeu á creación dunha área na nova páxina web para mostrar os incentivos e experiencias dispoñibles na cidade de Vigo. Os espazos distribuíronse nas seguintes categorías:

- Urbanos
- Natureza
- Náuticos
- Gastronomía e Enoloxía





A carga completa dos incentivos estará rematada ao longo do ano 2021.

2.3.3.- INFORMES ESTADÍSTICOS TURISMO

Por solicitude da Concellería de Turismo do Concello, mensualmente elabórase unha memoria estatística mensual para analizar o estado e as cifras do turismo na cidade. Para a realización da memoria utilízanse as seguintes fontes:

- Datos mensuais do INE.
- Datos estatísticos mensuais do CRV.
- Datos recollidos nos hoteis da cidade



2.4.- FERRAMENTAS DE COMUNICACIÓN DA FUNDACIÓN VCB

Durante todo o ano mantívose o proceso de actualización das páxinas web. Ademais, comezamos o traballo para a actualización global de ambas webs, que xa está completo.

A difusión e promoción das accións da VCB debe seguir un proceso ordenado nos seus contidos, tempos e formas, así como utilizar os mellores medios de información ao seu alcance.

A VCB usa as seguintes canles e medios a nivel dixital.


- Páxinas web
- Redes sociais
- Listas de distribución
- Clipping
- Publicacións



2.4.1- PÁXINAS WEB DA FUNDACIÓN

A Fundación ten en activo os seguintes espazos web:

- www.vigocb.org
- www.vigofilmoffice.es



2.4.1.1.- WEB DA FUNDACIÓN

Continuamos coa actualización e modernización das ferramentas comunicativas online da Fundación mediante a creación de novas áreas na páxina web, o cal permite incorporar novos contidos e materiais dirixidos aos profesionais da organización de eventos e congresos.

Na área privada, dirixida aos membros da Fundación, procedeuse á actualización de contidos para consulta de información corporativa, convocatorias e documentación de interese.



Na web publicáronse ademais noticias de elaboración propia de interese para o sector.

Durante todo o ano traballouse na creación de contidos para a nova web, pendentes do seu lanzamento en 2021.


2.4.1.2.- WEB DA VIGO FILM OFFICE

A páxina web da Vigo Film Office informou durante todo o ano sobre os distintos proxectos audiovisuais filmados na cidade.

A web é unha ferramenta necesaria para mostrar o traballo que leva a cabo o departamento e serve ademais como plataforma para interactuar co sector audiovisual e ofrecer a información necesaria no referente a rodaxes.

A carga de contidos foi continua ao longo de 2020, especialmente no referente a :

- Filmografía completa da cidade de Vigo (longametraxes, curtas, documentais, videoclips, etc..).
- Localizacións de rodaxe na cidade.




2.4.2.- REDES SOCIAIS

Actualización diaria de contidos nas redes sociais nas que a Fundación está presente, Facebook, Twitter, Instagram, Linkedin e Youtube, compartindo tanto material propio como doutras contas que consideramos interesantes para os nosos seguidores.

LISTAXE REDES SOCIAIS FUNDACIÓN VCB

REDE	SEGUIDORES
https://es-es.facebook.com/VigoConventionBureau	2.840
https://twitter.com/VigoCB	2.498
https://www.facebook.com/FlyToVigo/	629
https://twitter.com/flytovigo	1.367
https://es-es.facebook.com/vigofilmoffice	1.224
https://twitter.com/vigofilmoffice	1.254
https://twitter.com/visitcies	1.102
https://www.facebook.com/Visitciesislands/	529
https://www.instagram.com/visitciesislands/	1.065
https://www.linkedin.com/in/vigocb/	476



Capturas das RRSS da Fundación Vigo Convention Bureau

Mantense a procura periódica de perfís de interese aos que seguir para establecer sinerxias con empresas e entidades do sector ou profesionais do mesmo que poidan aportar un valor engadido ás nosas redes.

2.4.3. - LISTAS DE DISTRIBUCIÓN PARA PROCESOS DE COMUNICACIÓN

Para axilizar e protocolizar os procesos de información diarios, actualizamos e ampliamos unha serie de listas de distribución.

LISTAS CREADAS

- *Patróns*
- *Hoteis*
- *Prensa*
- *Socios*
- *Congresos*
- *Clipping*



2.4.4.- ELABORACIÓN CLIPPING XERAL DE PRENSA

Diariamente procédese á selección de noticias para a ceación dun clipping de prensa. As noticias son tanto locais como nacionais e internacionais, prestando especial atención aos asuntos que son máis próximos e afectan en maior medida aos nosos socios.



Este resumo de novas serve de base para a análise da actualidade e a programación de redes sociais por parte do departamento de comunicación.

Cada mañá o clipping envíase aos socios e colaboradores da Fundación e procedemos ao arquivo na nosa base de datos das que consideramos máis importantes.



2.4.5.- PUBLICACIONES

Durante o ano redactáronse dende o departamento de comunicación varios artigos para revistas de tirada nacional. Foron os seguintes:

- **“Vigo, ciudad sostenible y segura”**, revista Ejecutivos, outubro.
- **“La lección del coronavirus”**, revista El Siglo, setembro.




2.5.- COLABORACIÓNS E XESTIÓN DE PROXECTOS

2.5.1.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ILLAS CÍES

O 3 de novembro de 2020, firmouse un ano máis o Convenio de colaboración entre a Concellería de Festas e Turismo do Concello de Vigo e a Fundación VCB para a promoción das Illas Cíes como destino turístico e accións conducentes á declaración das mesmas como Patrimonio da Humanidade.

Dentro do contexto da elaboración do expediente de presentación da candidatura a Patrimonio da Humanidade das Illas Cíes, o Concello de Vigo debe levar a cabo unha serie de accións de difusión e marketing. Estas tarefas de concienciación e información á poboación, son fundamentais no proceso de presentación e acompañamento da candidatura, xa que poñen en valor ás Illas Cíes e dan forza á candidatura cara acadar a súa catalogación como Patrimonio da Humanidade.



A Fundación foi a encargada da execución das accións do **Anexo I** do presente convenio, que tivo como data de finalización para a súa execución o 31 de decembro de 2020.

Dentro das accións a desenvolver están:

- Coordinar e supervisar as actividades-accións do proxecto.
- Coordinar e preparar o Plan Operativo do proxecto seguindo as directrices do Convenio.
- Coordinar e supervisar a administración dos recursos.
- Coordinar a execución do proxecto coa concellería de Turismo do Concello de Vigo.
- Dirixir, coordinar e supervisar as actividades das empresas implicadas.
- Elaboración e xestión do orzamento.
- Elaboración de informes periódicos de seguimento.
- Elaboración de memorias de actuación e económicas.
- Participación nos xurados dos concursos.

Pablo Cameselle Martínez

Xerente Fundación Vigo Convention Bureau